Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **PBBI** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **archivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de maio de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (9PP, 7 PBBI, 2Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros **aproba** proposición do **GM** do **PBBI** sobre **QUE SE PROCEDA Á LIMPEZA DO CAUCE E MARXES DO RÍO LISTRES**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de maio de 2021, en consecuencia aproba:





Primeiro:- Que por parte del Ayuntamiento de Ribeira se acometa directamente o a través de los organismos competentes la limpieza del cauce y los márgenes del río Listres, incluyendo la eliminación de la vegetación que los invade y la retirada de los arbustos caídos, y también del árbol de grandes dimensiones que corre el riesgo de caer sobre viviendas próximas.

Segundo:- Que el Ayuntamiento de Ribeira proceda a desarrollar un plan de limpiezas anuales para realizar limpiezas periódicas en los cauces fluviales del municipio, solicitando los permisos que sean necesarios y oportunos para tal fin.

Terceiro:- Que una vez que se acometa la limpieza de los ríos y sus márgenes, el Ayuntamiento de Ribeira realice las inspecciones para localizar conexiones irregulares de aguas fecales al cauce del río Listres.

Cuarto:- Que el Ayuntamiento de Ribeira solicite alguna línea de ayudas y subvenciones para llevar a cabo las labores de conservación y mantenimiento de los ríos del municipio.

6.- PROPOSICIÓN DO GM BNG PRESENTADA POR D. LUÍS ANTONIO PÉREZ BARRAL SOBRE INICIAR A TRAMITACIÓN DUN CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA FINANCIAR A SEDE DO CLUB DE REMO E A NOVA BIBLIOTECA DE RIBEIRA.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 25 de maio de 2021 sobre proposición do **GM** do **BNG** segundo o escrito do concelleiro **D Luis Antonio Pérez Barral** de data 5 de maio de 2021 (rex entr. 13-04-2021, nº 7137), do seguinte tenor literal:

“Luis Antonio Pérez Barral, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ribeira presento a seguinte proposición ante a Corporación Municipal e dirixida ao alcalde para iniciar a tramitación dun crédito extraordinario para financiar a sede do Club de Remo e a nova biblioteca de Ribeira.

Exposición de motivos

Ribeira conta actualmente cun Club de Remo desde xuño do ano 2013 e desde aquel ano até a actualidade foron moitos os problemas que tiveron que afrontar incluíndo varias mudanzas de localización mais sempre foron aumentando o número de remeiras e remeiros. Nos últimos anos, non só se incrementou o número de persoas socias e remeiras -actualmente chega ás 200 persoas que teñen relación co club-, senón que tamén se están acadando importantes trofeos como o de Campioas da Liga Galega de trañas e terceira posición xeral na Bandeira da Concha en 2018, primeiro posto na Bandeira de Campioas de España, subcampionato Galego, subcampionato de España, subcampionato da Deputación, Bandeira Teresa Herrera e a clasificación como único equipo Galego na Bandeira da Concha coa sétima posición.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

En non poucas ocasións escoitamos por parte dos responsábeis políticos que Ribeira é mar e a súa historia está ligada con el e desde logo no BNG cremos que isto é así, por iso cremos que desde o Concello de Ribeira se debería fomentar os deportes náuticos. Outras localidades están facendo fortes apostas para dotar os seus clubs de boas instalacións deportivas nas que se fomenta a actividade deportiva.

Ribeira conta na actualidade con varios campos de fútbol tanto de herba natural como sintética e un completo complexo deportivo como A Fieiteira con piscina, ximnasio, pavillón, campos de fútbol, circuito pump truck e en breve cun módulo cuberto de atletismo. Todo isto contrasta coas escasas instalacións deportivas destinadas ao fomento e realización dos deportes náuticos e provoca que clubs como o de remo teñan que estar emprazados nunhas instalacións moi deficientes con goteiras, humidades, frío, inexistencia de vestiarios, auga quente, espazos de estudos, etc.

Ademais do anterior, a biblioteca municipal é un servizo público de existencia obrigatoria especificada na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e malia isto, o Concello de Ribeira non conta cunhas instalacións axeitadas pois o espazo actual comparte espazo de lectura, aula para o estudo, sala de informática e espazo para celebración de actividades. Desde o BNG entendemos que a falta de espazo para acoller diversas salas nas que dividir as súas actividades provoca serias molestias ás persoas que empregan este servizo público, ademais a súa localización enriba dun local con actividade musical tamén provoca ruído que molesta ás persoas usuarias.

A biblioteca debe ser un servizo cuxa finalidade sexa a de facilitarlle á cidadanía o exercicio do dereito á cultura e á información, polo tanto, debe ofrecer posibilidades para a dinamización, potenciación e democratización da cultura e lingua propias de Galiza. Neste sentido, son múltiples as actividades que tería que desenvolver para que funcionara como un verdadeiro centro de cultura que fomenta, non só a lectura e a escritura, senón outro tipo de actividades dos diferentes eidos da cultura.

Estas dúas necesidades, a sede do Club de Remo e unha nova biblioteca, ían ser financiadas coa venda do matadoiro municipal, cuestión que foi obxecto de debate en múltiples ocasións e confirmada por parte do goberno local a través do alcalde e da tenente de alcaldía en diferentes sesións plenarias.

A cronoloxía das veces que esta cuestión foi a pleno non dá lugar a engano:

- *Novembro de 2018: apróbase por unanimidade da Corporación Municipal solicitar un espazo de 800 metros cadrados a Portos de Galiza no porto de Aguiño para levantar a sede do Club de Remo e que os servizos técnicos municipais redacten o proxecto construtivo.*
- *Febreiro de 2019: apróbase por 19 votos a favor (PP, BNG, PSOE, C's, IPdeR) e dúas abstencións (edís non adscritas/os) o inicio expediente extinción do matadoiro municipal para resolver o expediente de concesión da xestión do servizo público de matadoiro.*
- *Novembro de 2019: apróbase por 13 votos a favor (PP, BNG, PSOE) e 7 votos en contra (PBBI, SR) a aprobación definitiva da desafectación do matadoiro municipal.*
- *Xaneiro de 2020: apróbase por 13 votos a favor (PP, BNG, PSOE) e 8 votos en contra (PBBI, SR) o inicio do alleamento do matadoiro municipal para proceder á súa venda mediante poxa.*

Alén das veces que foi a Pleno, en maio de 2019, o goberno municipal presentaba publicamente a nova sede do Club de Remo. Unha instalación de 1 500 metros cadrados que se construíría a carón da lonxa de Aguiño e que era “versátil e esteticamente bonita” segundo manifestaba nos medios de comunicación o alcalde. Ademais disto, o señor Ruiz aseguraba que en setembro ía procederse a facer a poxa, licitar as obras a finais do ano 2019, en xaneiro de 2020 comezarían os traballos e en xuño ou xullo de 2020 estaría finalizado o edificio.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000AD6B000N0Q4V5M7J7S0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210710320
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/06/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/07/2021	Fecha: 01/07/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/07/2021 12:42:42		Hora: 12:42

CSV: 07E5000AD6B000N0Q4V5M7J7S0





Na actualidade, a venda do matadoiro non se producirá ao ter que reclamar a apropiación indebida de terreo público por parte dunha persoa ligada ao Partido Popular. Desde o BNG cremos que é de vital necesidade acadar consensos e compromisos para fomentar a actividade física e deportiva. Así o ten demostrado o Bloque nas institucións nas que goberna como é o caso da Deputación da Coruña na que se fan esforzos importantes para dotar aos clubs deportivos dos equipamentos e materiais necesarios para a súa actividade cotiá e tamén o facemos no Concello de Ribeira apoiando os investimentos que se destinan á mellora dos equipamentos deportivos e axudas a clubs.

Esta proposta trata de darlle solución a dúas demandas que actualmente existen no concello, por unha banda trata de resolver as necesidades que presenta o Club de Remo e, por outra, avanzar na construción da nova biblioteca de Ribeira para fomentar o acceso á cultura e dotar ao municipio dunha instalación cultural axeitada ás demandas actuais. Ámbalas dúas cuestións xa suscitaron o amplo consenso dos grupos que integran a Corporación Municipal de Ribeira e así debe seguir sendo.

Por todos estes motivos, en nome do BNG, solicítolle á Corporación Municipal a adopción do seguinte **acordo**:

1.- Iniciar a tramitación dun crédito extraordinario cuxa contía ascenda a un millón de euros cuxas contías e finalidades se distribúan da seguinte maneira:

- A) Sede do Club de Remo – 600 000 euros.
- B) Nova biblioteca de Ribeira – 400 000 euros

Ribeira, maio de 2021.

Luis Antonio Pérez Barral

Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego.”

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM do PP** e no seu nome por Dna. María José Sampedro Fernández e que é do seguinte tenor literal:

1. Que nos orzamentos xerais para o ano 2021, en fase de redacción, se dote o crédito necesario e suficiente segundo as memorias valoradas dos respectivos proxectos:

-Construción da sede do club de deportes náuticos

-Rehabilitación do inmovible adquirido para biblioteca municipal

2. Que, en todo caso, o financiamento de dito crédito sexa a través da fórmula financeira que permita iniciar os respectivos expedientes de contratación á maior brevidade, ben sexa a través dun préstamo bancario, do remanente de tesourería ou do FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN DO PATRIMONIO impulsado polo IGVS (Xunta de Galicia)





Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **BNG**, así como da **emenda de substitución do GM do PP**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria en primeiro lugar a **emenda do GM do PP** según o disposto no artigo 116 do Regulamento Orgánico do Concello de Ribeira

-VOTOS A FAVOR: 9 PP

-VOTOS EN CONTRA: 2 BNG

-ABSTENCIÓNS: 10 (7 PBBI, 2 PS DE G-PSOE, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría simple** dos seus membros **aproba a emenda de substitución do GM do PP** sobre proposición do **GM** do **BNG** sobre **INICIAR A TRAMITACIÓN DUN CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA FINANCIAR A SEDE DO CLUB DE REMO E A NOVA BIBLIOTECA DE RIBEIRA**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 25 de maio de 2021, en consecuencia aproba:

Primeiro:-Que nos orzamentos xerais para o ano 2021, en fase de redacción, se dote o crédito necesario e suficiente segundo as memorias valoradas dos respectivos proxectos:

-Construcción da sede do club de deportes náuticos

-Rehabilitación do inmovible adquirido para biblioteca municipal

Segundo:-Que, en todo caso, o finzamento de dito crédito sexa a través da fórmula financeira que permita iniciar os respectivos expedientes de contratación á maior brevidade, ben sexa a través dun préstamo bancario, do remanente de tesourería ou do FONDO DE COOPERCIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN DO PATRIMONIO impulsado polo IGVS (Xunta de Galicia)





(nestes intres, sendo as 22.00 h, ao abeiro do artigo 113.6 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira acórdase unha pausa para descanso por un período de trinta minutos)

7.- PROPOSICIÓN DO GM MIXTO-SUMA RIBEIRA PRESENTADA POR D. XURXO FERRÓN VIDÁN SOBRE PLANIFICACIÓN MUNICIPAL NA DOTACIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS.

Dase conta ao Pleno da Corporacion dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de abril de 2021 sobre proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira** segundo o escrito do concelleiro **D. Xurxo Ferrón Vidán** de data 9 de maio de 2021 (rex entr. 13-04-2021, nº 7341), do seguinte tenor literal:

*“Xurxo Ferrón Vidán, concelleiro - voceiro do Grupo Mixto SumaRibeira, presenta ante o Alcalde e Corporación Municipal, para a súa inclusión na orde do día do vindeiro Pleno a **Proposición seguinte**:*

PLANIFICACIÓN MUNICIPAL NA DOTACIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS

Non son poucas as veces nas que se presentan, para ser tratadas no Pleno Municipal, proposicións ou solicitudes referidas á dotación de servizos básicos nunha zona concreta do noso amplo concello. Noutras ocasións son veciñas dun lugar as que solicitan individual ou colectivamente, incluso coa recollida de sinaturas de apoio, a dotación dese servizo básico (saneamento, auga da traída, mínima comodidade e seguridade no acceso ás vivendas, alumeadado público, internet,...). Tamén hai ocasións nas que é o Goberno Municipal o que, en exercicio das súas competencias, decide acometer a solución a algunha destas carencias por iniciativa propia.

Cando ten lugar a execución dunha obra para solucionar algunha carencia de servizo ou servizos básicos nun punto concreto non sempre entenden as veciñas a razón de priorizar a solución a ese problema nesa zona, dando pe a falla de obxectivación ao crecemento de posibles malestares por supostos agravios comparativos.

Non son tampouco poucas as ocasións nas que a epidémica costume de desacreditar a política encontra fértil nicho a nivel local nas actuacións de dotación ou mellora de servizos esenciais. Clientelismo, electoralismo, agradecemento por apoios recibidos, favoritismo, ..., son algunhas das peyorativas expresión que acostuman acompañar a moitas críticas. Non imos ser nós quen nos aventuremos a indicar en que porcentaxe, pero pensamos que nalgunhas ocasións as interpretacións negativas teñen xustificación.

Estamos convencidas de que en moitas ocasións a toma de decisións no ámbito que nos ocupa non ten lugar en base a unha metodoloxía que facilite a xustificación dunha actuación concreta, minimizando así os riscos de incomprensión e rexeitamento cidadá. Entendemos que para iso é conveniente e necesario a posta en valor do traballo a desenvolver polos servizos técnicos municipais, que sen dúbida facilitará tanto a execución como a percepción veciñal dunha actuación municipal equilibrada e integral.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210710320
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/06/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/07/2021	Fecha: 01/07/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/07/2021 12:42:42		Hora: 12:42





É polo exposto que solicitamos a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Elaboración polos servizos técnicos municipais dun mapa de lugares do concello con carencia de servizos esenciais, incluíndo número de vivendas afectadas, servizo(s) do que carece, Terán consideración de servizo esenciais, cando menos, os seguintes: auga da traída, enerxía eléctrica, saneamento, alumado público e internet.

2.- Avaliación orientativa do presuposto necesario para solucionar a(s) deficiencias(s).

3.- Presentación dun avance de proxecto técnico global cunha proposta de prioridades de actuación.

4.- Discusión do anteproxecto aberto á participación da veciñanza.

5.- Aprobación plenaria do itinerario a seguir nunha actuación municipal integral e equilibrada de dotación universal de servizos básicos.

Asinado: Xurxo Ferrón Vidán. Concelleiro de SumaRibeira.

En Ribeira, a nove de maio de 2021.”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de maio de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 12 (1 Mixto-Suma Ribeira, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 9 PP

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aproba** proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira** sobre





PLANIFICACIÓN MUNICIPAL NA DOTACIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de maio de 2021, en consecuencia aproba:

Primeiro:- *Elaboración polos servizos técnicos municipais dun mapa de lugares do concello con carencia de servizos esenciais, incluíndo número de vivendas afectadas, servizo(s) do que carece, Terán consideración de servizo esenciais, cando menos, os seguintes: auga da traída, enerxía eléctrica, saneamento, alumado público e internet.*

Segundo:- *Avaliación orientativa do presuposto necesario para solucionar a(s) deficiencias(s).*

Terceiro:- *Presentación dun avance de proxecto técnico global cunha proposta de prioridades de actuación.*

Cuarto:- *Discusión do anteproxecto aberto á participación da veciñanza.*

Quinto:- *Aprobación plenaria do itinerario a seguir nunha actuación municipal integral e equilibrada de dotación universal de servizos básicos.*

8.-PROPOSICIÓN GM DO PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ SOBRE O APARCADOIRO DO CENTENARIO.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de abril de 2021 sobre proposición do **GM Ps de G-Psoe** segundo o escrito do concelleiro **D. José Manuel Vilas Álvarez** de data 17 de maio de 2021 (rex entr. 18-05-2021, nº 7851) do seguinte tenor literal:

“O aparcamento do Centenario, xunto ca Praza do mesmo nome, inauguróuse no ano 2006, conmemorando a efeméride dun século co título de Cidade de Ribeira.

A xestión da actividade económica no devandito parking soterrado foi realizada pola empresa constructora PROINSA. Dita actividade comercial foi desenrolada ata o ano 2011, data en que as circunstancias laborais e sectoriais do momento derivaron en que a empresa, e con ela o aparcadoiro, entrase en concurso de acreedores, e pasase as máns duns administradores concursais.

Evidentemente, a xestión indirecta por parte da empresa concesionaria destas instalacións non foi nin moi eficiente nin efectiva, extremos que provocaron que o servizo prestado non fose do agrado dos usuarios, nin do Concello; e hoxe en día queda patente a degradación do ben inmovible, con importantes deficiencias na seguridade vial, falta de sinalización de itinerarios; e estrutural, con innumerables goteiras, desconchados de pinturas, cristaleiras rotas, insuficiente recollida de augas pluviais, deficiente uso do ascensor, e da instalación de rexeneración de aire, ventilación de fumes e gases,



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20210710320
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 30/06/2021	MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 01/07/2021	Fecha: 01/07/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 01/07/2021 12:42:42		Hora: 12:42





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

O aparcadoiro do Centenario consta de tres plantas soterradas con 152 prazas de estacionamento cada unha, o que fai una cantidade total de 456 prazas.

Dende primeiros de mes, o Concello de Ribeira ven de facerse cargo das instalacións do aparcadoiro, ao quedar a concesión extinta por lei, a mais de que o parking non estaba cumprindo coas existencias do prego de condicións asinado, nin coas necesidades da veciñanza ribeirense.

Abrese agora un período de dous meses, no que os técnicos municipais realizarán una valoración actualizada das instalacións, para sentar as bases dun posible acordo cos administradores concursais, a Sareb, e Proinsa. Do resultado das negociacións, e dos acordos acadados sairá a elección do modelo de xestión (segundo a prensa local).

O aparcamento necesita un lavado de cara e modernizarse, xa que pouco ou nada cambiou dende o día da súa inauguración.

O parking do Centenario, debido a súa céntrica ubicación na cidade, ten moita demanda de uso e disfrute, o que fai que sea necesaria unha mellora e posta a punto dun espazo que está desaproveitado.

A valoración técnica da instalación debe incluír una actualización do sistema de control de acceso, e/ou a viabilidade da apertura as 24 horas do día.

Dende o partido socialista temos claro que a xestión directa por parte do Concello de Ribeira, é a mais beneficiosa para os ribeirenses.

A tal fin achegamos un enlace dun proceso similar ao tema en cuestión, https://sede.segovia.es/portal/sede/RecursosWeb/DOCUMENTOS/1/O_7431_l.pdf, do cal poden sacar as conclusións oportunas os compoñentes desta corporación municipal, cuns balances de gastos reais (telecontrol, reparación/conservación, seguros, amortizacións, mantemento, limpeza, electricidade,..) e ingresos (comunidade -150, rotación - 100, abonados - 206).

En virtude de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista PSdeG-PSOE, insta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira á adopción do seguinte, ACORDO:

l.- Que por parte do Concello se proceda a formulación dunha Memoria para determinar a mellor forma de xestión do aparcadoiro público do Centenario, ea súa elevación ao pleno para a súa toma en consideración.



FIRMANTE - FECHA





2.- A Memoria a realizar debe conter informes que recollan o: 1) aspecto social, 2) xurídico, 3) técnico, 4) económico-, sobre o modelo de xestión do aparcadoiro do Centenario, basados en criterios de eficiencia, e sostibilidade económica.

3.- Si se determina o beneficio da xestión directa do servizo, que se proceda por parte da Administración Local, a constitución dunha entidade pública empresarial local, ou sociedade e mercantil local para a xestión do aparcadoiro/s. art. 85 bis LBRL

4.- Que se proceda, de ser o caso, a redacción da oportuna Ordenanza Reguladora.

Ribeira, 17 de maio do 2021.

Asdo. José Manuel Vilas Álvarez.”

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM do PP** e no seu nome por Dna. María José Sampedro Fernández e que é do seguinte tenor literal:

PUNTO ÚNICO. Que unha vez coñecido o custe que vai suponer ao concello o rescate do aparcadoiro se estuden as distintas alternativas de xestión posible.

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM do BNG** e no seu nome por D. Xosé Antonio Vázquez Cobas e que é do seguinte tenor literal:

Emenda de substitución:

1.- *Que o concello de Ribeira proceda a realizar unha **memoria técnica para determinar a xestión pública do aparcadoiro do Centenario** e a súa elevación ao pleno para a súa consideración.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM Ps de G-Psoe**, así como da **emenda de substitución do GM do PP**, e da **emenda do BNG** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria en primeiro lugar a **emenda do GM do PP** según o disposto no artigo 116 do Regulamento Orgánico do Concello de Ribeira





-VOTOS A FAVOR: 9 PP

-VOTOS EN CONTRA: 5 (2 Ps de G-Psoe 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-ABSTENCIÓNS: 7 PBBI

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría simple** dos seus membros **aproba** a **emenda do GM do PP** sobre proposición do **GM Ps de G-Psoe** sobre **PROPOSICIÓN GM DO PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL VILAS ÁLVAREZ SOBRE O APARCADOIRO DO CENTENARIO**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas Benestar Social e Medio Ambiente de data 25 de maio de 2021, en consecuencia aproba:

ÚNICO:-Que o concello de Ribeira proceda a realizar unha **memoria técnica para determinar a xestión pública do aparcadoiro do Centenario** e a súa elevación ao pleno para a súa consideración.

9.-PROPOSICIÓN GM DO PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL SUÁREZ-PUERTA SIRGADO SOBRE CONTROL EFICIENTE DO TRÁFICO EN ZONAS PEONÍS.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Movilidade e Seguridade Cidadana de data 25 de abril de 2021 sobre proposición do **GM Ps de G-Psoe** segundo o escrito do concelleiro **D. José Manuel Suárez-Puerta Sirgado** de data 18 de maio de 2021 (rex entr. 19-05-2021, nº 7.908) do seguinte tenor literal

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La peatonalización del centro de Ribeira esta llevándose a cabo no sin cierta polémica.

Las calles peatonalizadas no ofrecen una ordenación adecuada para la amable convivencia de peatones y vehículos, como ya expresamos en nuestra propuesta del pasado Pleno de abril.

Queremos ahora ahondar en las deficiencias que, a nuestro juicio, siguen existiendo en el proceso de peatonalización, probablemente por provisionalidad, y que, por medio de esta propuesta, solicitamos sean subsanadas.

Un ejemplo claro esta en los lectores de matriculas instalados, y no con un coste barato para las arcas municipales, en varias calles del centro urbano de Ribeira.





Hoy por hoy estas instalaciones de control no dejan de ser un "atrezzo" carísimo, ya que en ningún caso cumplen su función, pues están desconectadas y no funcionan, con lo que el paso de vehículos no autorizados por zonas peatonales depende únicamente de la actuación de la Policía Local, la que con los medios de que dispone, entendemos que no puede hacer más de lo que hace.

*Al mismo tiempo nos enteramos por la prensa, en ningún caso de forma oficial ya que ni fuimos citados ni informados con posterioridad, de que el Concello ha acordado con la empresa **Silo** (Science & Innovation Link Office), el que preste asistencia técnica y asesoramiento dentro del **Plan de Movilidad Urbana Sostible Integral (EDUSI)** y del programa **Máis Ribeira Atlántica 2020**, financiado en un 80 % con fondos europeos.*

*Esta actuación suponemos que tendrá un coste y que este debe ser aprobado por el Pleno. Vemos, además, que se indica que se buscará la implicación de agentes externos como la Dirección General de Tráfico, la Axencia Galega de Infraestructuras o la Dirección Xeral de Mobilidade, así como de organizaciones como **Stop Accidentes o Ponle Freno** y de proveedores potencialmente susceptibles de ofrecer soluciones innovadoras en este campo, según se indica en la nota de prensa, pero se ignora totalmente al resto de grupos políticos que integran esta corporación que, a nuestro juicio, algo tendremos que decir y aportar.*

Mucho se dice de actos y acciones institucionales, pero cuando conviene, los actos y las acciones se convierten en meros instrumentos de propaganda partidista.

Por todo ello, realizamos la siguiente:

PROPUESTA

Que se proceda de manera inmediata a la reparación y puesta en funcionamiento de todos los mecanismos de los que dispone el Concello, tanto humanos como materiales, para realizar un control más eficiente del tráfico en las zonas peatonales.

Que se especifique claramente el horario de carga y descarga a los distintos negocios ubicados en esas zonas, para que puedan ser servidos convenientemente, y que, por los medios antes indicados, este horario se haga cumplir, impidiendo el tránsito indiscriminado de vehículos que se saltan las normas existentes.

Que cualquier actuación que se realice sea, tratada y consensuada con los grupos que forman la oposición, para darles la posibilidad de opinar y aportar ideas y matices, antes de encontrarnos, como viene siendo costumbre de ese Equipo de Gobierno, con las prisas de última hora para tomar decisiones y aprobar inversiones porque ya están los hechos consumados.



FIRMANTE - FECHA





En Ribeira, a 18 de mayo de 2021.

Fdo. José Manuel Suárez-Puerta Sirgado.”

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM do PP** e no seu nome por Dna. María José Sampedro Fernández e que é do seguinte tenor literal:

PUNTO ÚNICO. Que se leven a efecto coa máxima celeridade posible os acordos tomados na última reunión da Mesa de Peonalización, en particular os relativos ás zonas peonís.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM Ps de G-Psoe**, así como da **emenda de substitución do GM do PP**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria en primeiro lugar a **emenda do GM do PP** según o disposto no artigo 116 do Regulamento Orgánico do Concello de Ribeira, co seguintes resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 PP

-VOTOS EN CONTRA: 11 (7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe)

-ABSTENCIÓNS: 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

En consecuencia, **ao non ser aprobada a emenda**, a continuación sómese a votación ordinaria o **ditame orixinal da Comisión Informativa de Movilidade e Seguridade Cidadana de data 25 de maio de 2021**, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 7 PBBI)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 10 (PP, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aproba** proposición do **GM Ps de G-Psoe** sobre **CONTROL EFICIENTE DO TRÁFICO EN ZONAS PEONÍS**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Movilidade e Seguridade Cidadana de data 25 de maio de 2021, e en consecuencia aproba:





C O N C E L L O
D E
R I V E I R A
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Primeiro:-Que se proceda de maneira inmediata a la reparación y puesta en funcionamiento de todos los mecanismos de los que dispone el Concello, tanto humanos como materiales, para realizar un control mas eficiente del tráfico en las zonas peatonales.

Segundo:-Que se especifique claramente el horario de carga y descarga a los distintos negocios ubicados en esas zonas, para que puedan ser servidos convenientemente, y que, por los medios antes indicados, este horario se haga cumplir, impidiendo el tránsito indiscriminado de vehículos que se saltan las normas existentes.

Terceiro:-Que cualquier actuación que se realice sea, tratada y consensuada con los grupos que forman la oposición, para darles la posibilidad de opinar y aportar ideas y matices, antes de encontrarnos, como viene siendo costumbre de ese Equipo de Gobierno, con las prisas de ultima hora para tomar decisiones y aprobar inversiones porque ya están los hechos consumados.

E sendo as **23 horas e 59 minutos** do día 28 de xuño de 2021, en cumprimento do ‘principio de unidade de acto’ previsto no artigo 87 do ROF, quedando pendentes os **puntos 10, 11,12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, e 26** da orde do día, o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle

